




## **DE VISITA POLAS NOVAS INSTALACIÓNS**



**PATIO CUBERTO**



**NOVO COMEDOR**



**ACESSO AO COMEDOR E ASCENSOR**

Despois de dar moitas voltas sobre a ubicación dun novo comedor escolar, acordouse facelo enriba dunha das plantas pola zona de Poza de Bar.

As obras comezaron ao rematar o curso 2006-2007, para iso houbo que reforzar con vigas de ferro e piarez a placa onde se ía a construir. O tempo durante o verano non axudou nada pola cantidade de chuvia que caeu, inundando as clases de infantil de 3 anos e parte das outras aulas, menos mal que o material estaba protexido con plásticos, áinda que uns ordenadores antigos molláronse e quedaron inservibles.

Esta construcción fai que na planta baixa se perdere algúna instalación (unha titoría e a aula de audición e linguaxe) e que outras tiveran que cambiar de sitio, así onde estaba a aula de ordenadores antes, e debido a que por ali ía unha escala de acceso o comedor xa non podían aí instalarse os ordenadores por quedar más reducida, esta clase divididímosla en tres pequenas, dúas para as profesoras de audición e linguaxe e a outra para clase de alternativa a relixión. Na aula que antes se facía reunións cos pais (aula de audiovisuais), agora converteuse na aula de informática.

Así na planta baixa perdeuse unha aula que se recuperará cando rematen as obras, instalado a aula de audiovisuais no comedor antigo.

Outra das obras realizadas consistiu en botarlle un chan sintético o patio cuberto, así os nenos/as cando caen non se mancan tanto como no cemento.

Esperamos que a primeiro de ano o Concello inicie as obras para dornos do Parque Infantil que tanto necesitamos para os mais pequenos.



**AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**



**AULA DE AUDIÓN E LINGUAXE (1)**



**AULA DE AUDIÓN E LINGUAXE (2)**